

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á suspensión e modificación das previsións contidas na lei de enxuízamento penal tendentes a propiciar unha amnistía para as tramas de corrupción político-empresariais.

A aprobación o 6 de outubro da lei de enxuízamento criminal, cuxa entrada en vigor está prevista para o 7 de decembro, supón o requisito legal para provocar de facto unha amnistía para as tramas de corrupción político-empresariais que ateigan os xulgados e explican o funcionamento do bipartidismo da II Restauración.

A norma contempla un prazo de 6 meses para completar a instrución dos sumarios abertos, e só nos casos excepcionais poderá ampliarse esa tempo ate 18-36 meses. Norma que con carácter retroactivo se aplicará a o millón de sumarios aproximadamente que restan abertos con anterioridade a aprobación da norma.

A nova lei impide á fiscalía reclamar novas probas fóra dos prazos referidos. As tres principais asociacións de fiscais consideran imposible revisar con garantías o millón de causas xudiciais abertas. “ (...) previsibles aciagas consecuencias prácticas” sinala a Unión Progresista de Fiscais, que lamenta que o furor lexislador dun goberno terminal non recolla unha ampla reforma do procedemento penal que atribúa ao ministerio fiscal e en condicións de efectiva autonomía a dirección da investigación penal.

A fixación dun prazo para rematar as investigacións xudiciais vai ter un efecto adverso para conquistar clarexar os feitos delictivos e aos seus responsables. Como advirte a UPF, a lei “(...) determinará a impiedade dunha boa parte de eles como consecuencia do establecemento dun prazo tasado de instrución.

A lei esquece e non remedia a situación de insuficiencia de medios persoais e materiais e dos axeitados recursos económicos para evitar na práctica a amnistía das tramas de corrupción político-empresariais e a impiedade dos responsables.



Dada a evidente presenza desas tramas en diversas cidades e concellos galegos a Xunta de Galicia debería sentirse interpelada e non permitir que ao traveso dunha argucia legal gañe unha impunidade que lesionará aínda máis a confianza da cidadanía nas institucións públicas do réximen.

Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Contempla o goberno da Xunta dirixirse ao goberno estatal para que suspenda a entrada en vigor da lei de enxuzamento criminal?

En Compostela, a 20 de outubro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 20/10/2015 12:14:14